



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

I Etapa Circuito Galego de PumpTrack 2025

Convocatoria I Etapa do Circuito Galego de PumpTrack 2025

A proposta e organizado pola FGP e o club Meigas Rodas, celebrarase a I Etapa do Circuito Galego de PumpTrack, tempada 2025, feminina e masculina para as seguintes categorías:

Categoría		Edad a cumprir en 2025	Año de nacemento
MINI	Benxamín o Inferior	10 anos ou menos	2015 - superiores
SUB 15	Alevín - Infantil	11 a 14 anos	2011 - 2014
SUB 19	Xuvenil - Junior	15 a 18 anos	2007 - 2010
SENIOR	Senior	19 anos y siguientes	2006 – 1995
MASTER	Máster 30 – Máster 40	30 anos y siguientes	1994 - anteriores

Trátase dunha proba oficial do calendario da FGP na que só se poderá participar con licenza federativa de patinaxe freestyle da categoría correspondente ao ano 2025.

As idades dos participantes deberán acreditarse obrigatoriamente mediante a presentación da licenza federativa, DNI ou pasaporte individual, no caso de ser solicitado pola organización, en calquera momento da proba que se considere precisa a validación da mesma.

En ningún caso será aceptado o libro de familia nin o resguardo ordinario do DNI, nin fotocopias do pasaporte ou DNI. O incumprimento deste requisito determinará a non participación dos patinadores que non o cumbran.

1 Lugar e data de celebración

As probas realizaranse no **Pumptrack Monterrei** (Aldea Penedo, 20, 32792 O Pereiro de Aguiar, Ourense) o día **16 de marzo** a partir das **11:00 horas**.

Enlace de Localización:

<https://maps.app.goo.gl/TF4zCLswckGgp2159>



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

I Etapa Circuito Galego de PumpTrack 2025

2 Normativa xeral

Aplicarase o **Regulamento de Skate Cross** vixente e todos os comunicados, actualizacións ou indicacións da **FGP** ou **RFEP** ao respecto. Todo o non previsto neste comunicado rexerase conforme ao disposto nas diferentes normas da especialidade, así como polo **Regulamento Xeral de Competicións** e os **Estatutos da R.F.E.P.**

Trátase dunha proba "**contrarreloxo**", na que se terán en conta as mesmas regras que nunha toma de tempos de **Roller Cross**. Realizarase unha primeira quenda con todos os participantes dunha categoría concreta e, a continuación, reordenaranse de peor a mellor tempo para unha segunda toma. Dos dous tempos rexistrados, os xuíces quedarán co mellor para establecer a clasificación final da proba.

Para evitar vantaxes nos adestramentos, o circuito a realizar, do mesmo xeito que se fai noutras probas de **Roller Cross**, comunicarse aos delegados o mesmo día da proba durante a reunión preparatoria. Lembramos que nesta proba as tomas de tempos son **individuais** e non haberá ningún obstáculo adicional aos xa establecidos polo propio circuito do Pumptrack. Os xuíces só poderán facer variacións no sentido de circulación do mesmo.

Tamén se entregará un **premio de recoñecemento** ao mellor tempo masculino e feminino de entre todas as categorías.

3 Participación

Para participar neste Circuito, serán requisitos indispensables:

- ✓ A inscrición previa na competición a través dea intranet da FGP.
- ✓ Estar comprendido entre as idades especificadas para a categoría.

Os patinadores dos diferentes clubs deberán levar durante as probas, de xeito inescusable, a **indumentaria do club** co que se inscriban, incluíndo o pódium e a zona de quecemento.

No **pódium** non se poderán usar elementos publicitarios como patíns, lonas, bandeiras, carteis, etc. Só se poderá subir co **patín posto nos pés** e coa **cabeza descuberta**.

SERÁ OBRIGATORIO O USO DE CASCO, XEONLLEIRAS E MUNEQUEIRAS PARA TODOS OS COMPETIDORES. O uso de códeas non será obrigatorio.

4 Inscricións

As inscricións deberán realizarse a través da propia **Intranet da FGP**, antes das **23:00 horas do xoves 13 de marzo** do presente ano. Lembramos que só poderán inscribirse aqueles que teñan **ficha de Patinaxe Freestyle** en vigor.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

I Etapa Circuito Galego de PumpTrack 2025

5 Programa de competicións orientativo

Día 16 de marzo

11:00 Quencementos
11:15 Reunión preparatoria
11:30 Inicio das tomas de tempos
14:30 Entrega de premios
15:00 Fin de competición Aprox.

Ata o venres 14 de marzo non se terá coñecemento oficial da totalidade de patinadores inscritos. No seu momento, poderá limitarse o número de participantes, polo que este programa de competición é totalmente orientativo. Calquera actualización será publicada o antes posible polos medios oportunos.

6 Reunión preparatoria

Celebrarase o domingo 16 de marzo ás 11:15 horas, na pista de competición. A esta reunión asistirán, xunto co Xuíz Árbitro, os delegados acreditados dos clubs participantes.

7 Incomparecencias

Todo participante que, despois de efectuar a inscrición para a competición, desexa retirarse, deberá informar ao correo comitefreestyle@fgpatinaxe.gal cun mínimo de 24 HORAS de antelación ao inicio da competición.

8 Disposicións Finais

Todos os patinadores/as deberán presentarse na zona de competición co equipo completo, correctamente uniformados e co material de patinaxe en perfecto estado.

O club Meigas Rodas declina toda responsabilidade en caso de accidente, tanto no desprazamento como na competición.

Non se poderá interromper ao Xuíz Árbitro durante a competición.

Ningún patinador, adestrador, delegado ou membro dun club poderá cruzar ou permanecer no recinto da zona de competición delimitada polo Xuíz Árbitro sen autorización dalgún dos xuíces. O incumprimento deste artigo levará consigo unha sanción posterior.

A Coruña, a 06 de marzo de 2025



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Freestyle